

Cando a finais da década dos sesenta Matthew Lipman se doía da falta de capacidade do seu alumnado da Universidade de Motclair (New Jersey) para manexar ideas complexas e expresar as súas opinións, non só estaba a retratar unha eiva persistentemente ouvida senón que tamén abría unha porta ao traballo sistemático coas habilidades de pensamento que transformase -dende a Filosofía- a educación de tódolos niveis. Inspirado por Dewey e contando coa inestimable axuda de Ann Sharp artellou o programa de Filosofía para Nenas e Nenos consistente nunha serie de relatos acompañados dunha guía con preguntas que estimulan a reflexión conxunta do grupo que se constitúe en comunidade de investigación.

En 1985 Lipman visita España reclamado e aclamado por innumerables profesionais da educación que atoparan na súa proposta un camiño satisfactorio para axudarlle ao alumnado a pensar mellor e por si mesmo. Dende entón constituíronse asociacións, foron publicados materiais, impartidas actividades formativas e -por suposto- a Filosofía para Nenas e Nenos tivo entrada nas aulas achegando un enfoque sistemático e lúdico no que o diálogo toma o protagonismo apoiado na arte, nos contos ou nos xogos. Xogar a pensar converteuse así nunha das máis comprobadas facetas de "aprender a aprender".

Este monográfico pretende dar conta da profundidade que esta liña de traballo vén achegando, no só en tódolos niveis educativos senón tamén en diferentes contextos sociais, axudando á formación de persoas en diálogo consigo mesmas e cos demais, que buscan sentido á propia existencia e ao mundo en xeral contribuíndo ao desenvolvemento dunha cidadanía crítica, creativa e coidadosa imprescindible para a democracia.

Félix García Moriyón abre cunha reflexión sobre a historia recente da FpN e a súa potentísima vixencia, e Carmen Loureiro vénnos axudar a atopar os puntos comúns entre a FpN e a Neuroeducación. Tomás Miranda reflexiona sobre as posibilidades da argumentación cando nos centros educativos se crean comunidades de investigación e diálogo. Nas experiencias de aula recolleemos mostras do traballo en Educación Infantil e Primaria (Mar Santiago, Lidia Gómez, Araceli Ochoa e Javier F. Rouco) e na Universidade (Helena Zapico e Laura Cruz). Nun ámbito non escolar atopámonos coa experiencia con persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento da Escola de Pensamento Libre en Valencia e Galicia. A entrevista con Angélica Sátiro (autora do Proxecto Noria, que tan ben soubo interpretar as propostas de Lipman, e formadora de formadores a nivel internacional dende hai décadas) delimita as fronteiras e potencialidades desta liña de traballo.

Pretendemos, así, dar conta dun proceso de cambio educativo que ten axudado a moitos colectivos a pensar mellor dun xeito creativo, crítico e coidadoso, sempre dende unha perspectiva lúdica e empregando o diálogo como medio e fin.